



Teaching Guide

Teaching Guide				
Identifying Data			2015/16	
Subject (*)	Xogos e recreación deportiva		Code	620G01005
Study programme	Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte			
Descriptors				
Cycle	Period	Year	Type	Credits
Graduate	1st four-month period	First	Obligatoria	6
Language	SpanishGalician			
Teaching method	Face-to-face			
Prerequisites				
Department	Educación Física e Deportiva			
Coordinador	Palacios Aguilar, Jose	E-mail	jose.palacios@udc.es	
Lecturers	Castillo Obeso, Maria del Palacios Aguilar, Jose	E-mail	maria.castillo@udc.es jose.palacios@udc.es	
Web				
General description	O xogo é unha das manifestacións da motricidade humana máis importantes, foino ao longo da evolución do ser humano como especie e é no seu proceso de desenvolvemento como individuo. As persoas, en boa medida, evolucionan física, intelectual e afectivamente en función das súas relacións e as súas experiencias con todos os xogos que realizan ao longo das súas vidas. A materia de "Xogos e recreación deportiva" ten como obxectivo prioritario proporcionar aos alumnos o coñecemento sobre as bases teóricas e a vivencia de experiencias prácticas do xogo en xeral, do xogo en relación co deporte e a recreación, e do xogo en relación coa identidade cultural a través dos xogos tradicionais. As competencias que nela se adquiren dotan o alumno de recursos para a educación, porque o xogo representa un dos seus principais contidos e procedementos, contribuíndo a que esta sexa entendida como un regalo e non como unha amarga obriga: "Non pode haber educación sen xogo, nin xogo sen educación" (Imeroni, 1986). Así mesmo, pola súa presenza permanente e o seu valor, tamén é un recurso para a recreación en todas as idades e ámbitos da actuación profesional. Debido ao enfoque vivencial e experimental que caracteriza a esta materia, os seus contidos estrutúranse en dous bloques diferentes que se imparten de forma paralela: - O primeiro deles é o que engloba os contidos teóricos da materia, coa intención de achegar unha ampla visión do fenómeno do xogo. - O segundo é o que desenvolve os contidos das sesións prácticas, cunha orientación flexible; é dicir, admitindo todas as achegas de interese que aparezan no transcurso das sesións, xa sexa procedentes dos alumnos, do profesor ou xurdidas da propia dinámica do grupo ou do xogo. Esta materia encóntrase situada no primeiro curso e os seus contidos relaciónanse con outras bases da conduta humana, coas habilidades e destrezas na iniciación deportiva e coa expresión corporal e a danza. "Xogos e recreación deportiva" é unha materia obrigatoria, cun grande atractivo para os alumnos, que inmediatamente poden comprender a súa utilidade e posibilidades de aplicación directa a situacións reais, educativas, deportivas e recreativas. Consideración que permite supoñer no alumnado un alto grao de motivación, que facilitará o estudo e o traballo práctico.			

Study programme competences / results

Code	Study programme competences / results
------	---------------------------------------



A2	Comprender os procesos históricos das actividades físico-deportivas e a súa influencia na sociedade contemporánea, estudando o caso de España e Galicia, e a presenza diferenciada dos homes e das mulleres.
A3	Coñecer e analizar a cultura deportiva e propoñer os cambios necesarios, na propia e na das persoas coas que traballa, desde a ética e o xogo limpo, as diferenzas de xénero e a visibilidade dos discapacitados.
A5	Fomentar a convivencia, estimulando e poñendo en valor a capacidade de constancia, esforzo e disciplina dos participantes nas actividades de educación física e deportiva.
A16	Deseñar, programar e desenvolver actividades esenciais da motricidade humana: o xogo, a danza e a expresión corporal, o exercicio e as actividades no medio natural, no ámbito educativo, recreativo e da actividade física e saúde, promovendo a igualdade de dereitos e oportunidades e evitando a exclusión en función do xénero e a discapacidade.
A17	Programar e desenvolver actividades físico-deportivas no medio natural, no contexto educativo e recreativo, favorecendo a participación á que todos teñen dereito e evitando a invisibilidade por razóns de xénero ou discapacidade.
A18	Deseñar e aplicar métodos adecuados para o desenvolvemento e a avaliación técnico-científica das habilidades motrices básicas nas diferentes etapas evolutivas do ser humano, considerando o xénero.
A27	Aplicar os principios cinesiolóxicos, fisiolóxicos, biomecánicos, comportamentais e sociais nos contextos educativo, recreativo, da actividade física e saúde e do adestramento deportivo, recoñecendo as diferenzas biolóxicas entre homes e mulleres e a influencia da cultura de xénero nos hábitos de vida dos participantes.
A30	Aplicar técnicas e protocolos que lle permitan asistir como primeiro interviniente en caso de accidente ou situación de emerxencia, aplicando, de ser necesario, os primeiros auxilios.
A33	Seleccionar e saber utilizar o material e equipamento deportivo adecuado para cada tipo de actividade físico-deportiva no contexto educativo, deportivo, recreativo e da actividade física e saúde.
B3	Traballar nos diferentes contextos da actividade física e o deporte, de forma autónoma e con iniciativa, aplicando o pensamento crítico, lóxico e creativo.
B4	Traballar de forma colaboradora, desenvolvendo habilidades, de liderado, relación interpersoal e traballo en equipo.
B5	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán.
B11	Desenvolver competencias para a adaptación a novas situacións e resolución de problemas, e para a aprendizaxe autónoma.
B12	Coñecer os principios éticos necesarios para o correcto exercicio profesional e actuar de acordo con eles.
B15	Comprender e saber utilizar as importantes posibilidades que a educación física e o deporte teñen para xerar hábitos sociais e valores democráticos (coeducación de xéneros, respecto á diversidade social e cultural, cooperación, competición respectuosa, compromiso co contorno?).
B16	Dominar habilidades de comunicación verbal e non verbal necesarias no contexto da actividade física e o deporte.
B18	Comprometerse e involucrarse socialmente coa súa profesión e en concreto, coa situación actual da actividade física e o deporte na educación formal; coa xestión do centro educativo; cos seus compañeiros (traballo cooperativo) e con aqueles aos que educa.
B19	Exercer a profesión con responsabilidade, respecto e compromiso.
B20	Coñecer, reflexionar e adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma e o traballo en equipo a partir das prácticas externas en algún dos principais ámbitos de integración laboral, en relación ás competencias adquiridas no grao que se verán reflectidas no traballo fin de grao.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.

Learning outcomes

Learning outcomes	Study programme competences / results
-------------------	---------------------------------------



Coñecer as bases do xogo como manifestación da motricidad humana.	A3	B12 B15 B20	C3 C6 C7
Coñecer os xogos e os xogos tradicionais, colectivos, competitivos e cooperativos, codificados e non codificados, como recursos educativos e recreativos.	A3	B15 B20	C3 C6
Recoñecer as necesidades lúdicas e recreativas nos diferentes grupos de idade.	A3 A27	B3 B4 B15	C3 C6
Identificar os beneficios da práctica equilibrada do xogo e as disfuncións que poden aparecer coa práctica desequilibrada do xogo e dos falsos xogos.	A3	B5 B12 B15	C3 C6
Deseñar diferentes situacións de xogo, con aplicacións educativas e recreativas.	A16 A18	B3 B11	C3 C6
Aplicar xogos e actividades recreativas a programas de intervención en todo tipo de contornas.	A16 A17 A30 A33	B3 B12 B15	C1 C4 C7
Dominar un amplo repertorio de xogos para utilizar en situacións educativas, en iniciación deportiva, en actividades de recreo, lecer e saúde.	A3 A30	B3 B15	C3 C6
Potenciar a vontade de servir aos demais a través de intervencións profesionais, respectuosas e responsables, nas que se utilice o xogo e a recreación deportiva.	A5	B5 B12 B18 B19	C3 C4
Esperar a capacidade de análise crítica para atopar respostas, formar opinións e achegar razoamentos sobre o xogo e o seu significado.	A5	B15	C4 C6
Concienciar sobre a importancia do xogo para a vida humana, a educación e as aprendizaxes, que se atopa entre os dereitos recoñecidos en declaracións universais.	A5	B5 B15	C1 C4
Fortalecer os valores e as actitudes da práctica respectuosa dos xogos, tanto a nivel competitivo como cooperativo, valorando o proceso por encima do resultado.	A3 A5	B4 B5 B15 B19	C4 C7
Sensibilizar sobre a necesidade de conservar e recuperar os xogos tradicionais como parte da cultura dos pobos.	A2 A33	B3 B4	C4
Fortalecer la capacidad de disfrutar con alegría de la motricidad humana a través del juego.	A5	B4 B19	C4
Potenciar a expresión espontánea e unha comunicación máis completa coa contorna e os demais a través do xogo.	A5	B4 B16 B20	C1 C3

Contents	
Topic	Sub-topic
Tema 1: Fundamentos do xogo.	1. Concepto e definición. 2. Teorías explicativas. 3. Tipos de xogo e clasificacións.
Tema 2: O xogo ao longo do ciclo vital.	1. O xogo nas diferentes etapas. 2. O xogo como recurso educativo. 3. O xogo como elemento socializador, patrimonio e identificador cultural. 4. Beneficios do xogo e disfuncións dos falsos xogos.



Tema 3: Recursos materiais para o xogo.	1. Espazos naturais e artificiais. 2. Materiais para o xogo: deportivos, recreativos, tradicionais e alternativos. 3. O xoguete.
Tema 4: O xogo na Educación Física, o deporte e a recreación.	1. Situacións competitivas e cooperativas no xogo. 2. Do xogo ao deporte. 3. Xogos predeportivos e deportes modificados. 4. O xogo na preparación física.
Tema 5: Programación do xogo.	1. Selección dos xogos. 2. Deseño de xogos. 3. O papel do profesor/animador.
Tema 6: Xogos e recursos materiais.	1. Sen necesidade de recursos materiais. 2. Con materiais convencionais. 3. Con materiais alternativos.
Tema 7: Xogos e espazo.	1. En espazos naturais. 2. En espazos modificados. 3. Paseos recreativos en ámbitos rurais e urbanos. 4. En espazos acuáticos.
Tema 8: Xogos e recreación deportiva.	1. Xogos pre-deportivos. 2. Deportes modificados. 3. Deportes alternativos.
Tema 9: Xogos e cultura.	1. Xogos de presentación, comunicación e socialización. 2. Xogos populares e tradicionais. 3. Xogos con cancións e danzas.

Planning				
Methodologies / tests	Competencies / Results	Teaching hours (in-person & virtual)	Student's personal work hours	Total hours
Document analysis	A2 A3 A27 A30 B12 B20 C3	0	8	8
Collaborative learning	A5 A16 A17 B4 B5 B16 C6	0	10	10
Case study	A2 A16 A18 A33 B15 C1 C3 C6 C7	0	10	10
Objective test	A2 A3 B3 B5 B11 B16 C1 C6	2	28	30
Field trip	A5 A17 A30 B4 B5 C4	0	10	10
Guest lecture / keynote speech	A2 A3 B16 C1 C3 C6	10	0	10
Simulation	A5 A16 A27 A30 A33 B3 B4 B5 B18 C7	8	0	8
Supervised projects	A2 A3 A5 A33 B4 B15 B16 B19 C1 C3	0	16	16
Physical exercise	A3 A5 A16 A17 A30 A33 B3 B4 B5 B15 B16 C4 C7	30	10	40
Personalized attention		8	0	8
(*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.				

Methodologies	
Methodologies	Description



Document analysis	Busca, consulta e comprensión de fontes documentais diversas de carácter científico e/ou divulgativo.
Collaborative learning	Cooperar nos procesos de aprendizaxe cos compañeiros, tanto nas sesións prácticas coma nos traballos planificados.
Case study	Deseño orixinal dun "Paseo Recreativo" por un espazo urbano, rural ou natural, a elixir polo alumno.
Objective test	Proba escrita utilizada para a avaliación das aprendizaxes dos contidos teóricos, combinando distintos tipos de preguntas.
Field trip	Realización de sesións de xogos e recreación deportiva en espazos naturais e modificados, en espazos acuáticos, e paseos recreativos en ámbitos rurais e urbanos.
Guest lecture / keynote speech	Exposición e dirección por parte do profesor dos contidos teórico-prácticos de cada tema durante as clases presenciais, coa posibilidade de participación directa dos alumnos.
Simulation	Realización de xogos e actividades de recreación deportiva simulando características de diferentes poboacións e aplicando principios de intervención pedagóxica en situacións simuladas.
Supervised projects	Realización, de forma individual ou en grupo pequeno (2-3 persoas), de traballos sobre os contidos teóricos de cada tema para comprobar o grao de comprensión, facilitar a reflexión e entender a súa utilidade práctica.
Physical exercise	Realización de todo tipo de xogos e actividades de recreación deportiva relacionados cos contidos da materia para a súa vivencia e dominio.

Personalized attention

Methodologies	Description
Case study Supervised projects	A atención personalizada prestarase no horario de tutorías asignado a tal efecto nos horarios oficiais. Neste horario os alumnos, individualmente ou en pequeno grupo, poderán facer consultas ou recibir o asesoramento oportuno por parte do profesor. Tamén se utilizará o correo electrónico como vía eficaz de comunicación entre profesor e alumnos.

Assessment

Methodologies	Competencies / Results	Description	Qualification
Case study	A2 A16 A18 A33 B15 C1 C3 C6 C7	Realización individual dun deseño orixinal dun "Paseo Recreativo" por un espazo urbano, rural ou natural, a elixir polo alumno. O deseño debe cumprir os criterios que aparecen descritos no apartado "observacións da avaliación".	10
Objective test	A2 A3 B3 B5 B11 B16 C1 C6	Proba escrita utilizada para a avaliación das aprendizaxes dos contidos teóricos e prácticos, combinando distintos tipos de preguntas.	40
Supervised projects	A2 A3 A5 A33 B4 B15 B16 B19 C1 C3	Realización en grupo pequeno (2-3 persoas), dun traballo sobre os contidos teóricos de cada tema para comprobar o grao de comprensión, facilitar a reflexión, o debate e entender a súa utilidade práctica. Este traballo debe cumprir os criterios que aparecen descritos no apartado "observacións da avaliación".	20
Physical exercise	A3 A5 A16 A17 A30 A33 B3 B4 B5 B15 B16 C4 C7	Práctica de todo tipo de xogos e actividades de recreación deportiva relacionados cos contidos da materia para a súa vivencia e dominio. Para a avaliación deste apartado realízase en grupo pequeno (2-3 persoas) un ficheiro que debe conter cada un dos xogos practicados nas clases. O deseño do ficheiro e das fichas debe cumprir os criterios que aparecen descritos no apartado "observacións da avaliación".	30

Assessment comments



- A asistencia é obrigatoria. É necesario cumprir un mínimo do 70% para optar á avaliación final.
- Todos os apartados da avaliación deben ser aprobados para que poidan terse en conta na cualificación final. O resultado da cualificación final será a suma de cada apartado na súa porcentaxe correspondente.
- Os apartados da avaliación que fosen aprobados non será necesario repetilos na convocatoria seguinte (xullo), nin en convocatorias de seguintes cursos, sempre que se manteñan os mesmos criterios de avaliación. En caso dalgún cambio aplicárase a Guía Docente do curso en vigor.
- Todos os traballos deben ser presentados correctamente redactados e sen faltas de ortografía para poder ser avaliados.
- Todos os traballos deben respectar os seguintes aspectos formais: paxinación, tamaño de fonte 12, interlineado sinxelo e xustificación do texto.
- Todos os traballos deben aterse á estrutura seguinte: portada con título do traballo e autores, índice, introdución, obxectivos do traballo, desenvolvemento do traballo, conclusións e bibliografía. A ausencia ou incorrección de calquera destes apartados ocasiona o suspenso do traballo.
- O traballo tutelado entregárase escrito a man, respectando os aspectos formais e a estrutura. Débese utilizar o papel por ambas as dúas caras.
- O deseño do "Paseo Recreativo" entregárase en formato dixital, respectando os aspectos formais e a estrutura. Non se admite a entrega ao correo electrónico dos profesores.
- O ficheiro de xogos entregárase en formato dixital, respectando os aspectos formais e a estrutura. O ficheiro debe reunir as fichas de todos os xogos realizados nas sesións teóricas e prácticas da materia, clasificados segundo as sesións realizadas. O deseño da ficha debe conter, como mínimo, os seguintes apartados: nome do xogo, obxectivos que poden alcanzarse coa súa práctica, regras ou desenvolvemento, espazo necesario, material/é, unha variante proposta polos alumnos (como mínimo), imaxe, debuxo ou esquema.

Sources of information

Basic	- BLANCHARD, K. y CHESKA, A. (1986). Antropología del deporte.. Barcelona. Bellaterra. - BLÁZQUEZ, D. (1986). Iniciación a los deportes de equipo.. Barcelona. Martínez Roca. - CAGIGAL, J.M. (1979). Cultura intelectual y cultura física.. Buenos Aires. Kapelusz. - CAILLOIS, R. (1958). Teoría de los juegos.. Barcelona. Seix Barral - GRUPO ADARRA BIZKAIA (1980). En busca del juego perdido.. Bilbao. Adarra - HUIZINGA, J. (1972). Homo ludens.. Madrid. Alianza Editorial. - ORLICK, J. (1990). Libres para cooperar, libres para crear.. Barcelona. Paidotribo. - PALACIOS, J. En Temprano, R. y González, F. (2007). Técnicas Lúdicas. En Manual del Monitor de Tiempo Libre. (pp. 477-516).. Valladolid. Junta de Castilla y León. - PALACIOS, J. (1998). Jugar es un derecho. Fundamentos pedagógicos del juego.. A Coruña. Xaniño Editorial - PALACIOS, J. (1995). Xogos motores.. Santiago. Edicións Lea - PALACIOS, J. y DEL CASTILLO, M. (2010). Juegos y recreación deportiva: Educación, Cultura y Derecho.. A Coruña. FUAC y GIAAS - PARLEBAS, P. (1988). Elementos de sociología del deporte. . Málaga. U.I.D.A. - RUIZ PÉREZ, L.M.; GUTIÉRREZ, M.; GRAUPERA, J.L., LINAZA, J.L. y NAVARRO, F. (2001). Desarrollo, comportamiento motor y deporte.. Madrid. Síntesis - TRIGO AZA, E. (1989). Juegos motores y creatividad.. Barcelona. Paidotribo. - PEREZ Y VERDES, R. y TABERNERO (1997). Xogos populares en Galicia.. Santiago. Edicións Lea.
Complementary	

Recommendations

Subjects that it is recommended to have taken before

Subjects that are recommended to be taken simultaneously

Pedagogía da actividade física e do deporte/620G01001

Teoría e historia da actividade física e do deporte/620G01003

Bases da educación física e deportiva/620G01004

Subjects that continue the syllabus



Other comments
O idioma das clases presenciais utilizado habitualmente polos profesores será o castelán, pero os alumnos poderán utilizar o galego cando o desexen.

(*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.